

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACIÓN DA CÁTEDRA HM DE TRAUMATOLOGÍA DO DEPORTE DA UDC

Contido

1.	Obxecto da convocatoria.	2
2.	Bolsas e contías.	2
3.	Proceso de selección e execución da beca.	3
3.1.	Primeira Fase. Inscripción.	3
3.2.	Segunda Fase. Selección.	3
3.3.	Terceira Fase. Formalización.	4
3.4.	Cuarta Fase. Período de formación.	4
3.5.	Quinta fase. Finalización.	4
4.	Criterios e documentación para a Inscripción	4
5.	Criterios e documentación para a Formalización	4
6.	Criterios e documentación para a Finalización	5

1. Obxecto da convocatoria.

A CÁTEDRA HM DE TRAUMATOLOXÍA DO DEPORTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA ofrece aos médicos con interese no ámbito da Traumatoloxía do Deporte a posibilidade de realizar unha formación específica neste campo e durante un ano nun centro de referencia nacional e internacional.

O obxectivo das becas é favorecer á formación de médicos con interese na Traumatoloxía do Deporte que non tivesen unha formación específica dentro do seu programa de estudos de Medicina nin nas diferentes especialidades médicas vía M.I.R.

2. Bolsas e contías.

Convócanse bolsas que se iniciarán durante o curso académico 2019-2020 sendo os lugares de desenvolvemento os seguintes:

- O Instituto Médico Arriaza e Asociados.
- O Hospital HM Modelo (A Coruña).

A contía máxima destinada as bolsas será de 10.000 euros conforme ao seguinte:

- Bolsa de 6 meses 2.500 euros.
- Bolsa de 12 meses 5.000 euros.

Os requisitos para os aspirantes son:

- Estar en posesión do título en Medicina.

Valóranse como méritos:

- estar en posesión do título de Especialista en Ciruxía Ortopédica e Traumatoloxía
- dedicación ao ámbito do deporte, como deportista activo ou a través de publicacións, presentacións en cursos e congresos, etc.

De acordo co seguinte baremo:

Título en medicina (expediente académico)	40%
Especialidade en Traumatoloxía	20%
Doutoramento	15%
Cursos de formación (mestrado, cursos de especialización, etc)	10%
Publicacións científicas	10%

Outros méritos	5%
----------------	----

A Comisión avaliadora poderá establecer baremos na avaliación dos méritos dependendo da maior ou menor afinidade destes coa temática das bolsas. De considerarse necesario poderase realizar unha entrevista persoal como parte do proceso avaliador.

En función das solicitudes recibidas, a Comisión de adxudicación das bolsas resolverá as persoas adxudicatarias conforme al baremo independentemente da duración solicitada (6 ou 12 meses).

O pagamento das bolsas será:

- 50% ao inicio da estadía.
- 50% ao finalizar a estadía.

Estas bolsas non son excluintes, pudiendo sumarse a outras que obteñan os aspirantes.

3. Proceso de selección e execución da beca.

O proceso de selección estará formado polas seguintes fases:

3.1. Primeira Fase. Inscripción.

As persoas interesadas deberán presentar a súa candidatura a través da páxina web da cátedra na url: <http://www.fundacion.udc.es/catedra-hm-udc/> atendendo aos seguintes requisitos:

- A inscrición só se producirá cando as persoas solicitantes cumprimenten e presenten correctamente os datos e documentos requiridos segundo os **criterios de inscrición** indicados nesta mesma convocatoria.
- A persoa solicitante recibirá un correo electrónico de confirmación de cumprimento, ou non, dos requisitos de inscrición. De non recibir ningún tipo de comunicación nos seguintes 3 días, deberá considerarse que a solicitude electrónica non foi recibida pola Cátedra, polo que non formará parte do proceso. Na súa páxina web a Cátedra ten un teléfono para consulta de calquera tipo de incidencia.
- Ao remate do prazo de inscrición, publicarase unha listaxe de solicitante admitidos.
- Confirmada a solicitude, a persoa pasará a segunda Fase (Selección).

A fase de solicitude comezará o 17 de febreiro e rematará o 3 de abril do 2020.

3.2. Segunda Fase. Selección.

Todas as inscricións debidamente confirmadas pasarán á Comisión de Selección.

A Comisión de Selección elaborará unha listaxe ordenada de candidatos/as para as bolsas valorando a documentación presentada na inscrición (ver apartado 4.).

3.3. Terceira Fase. Formalización.

As persoas seleccionadas serán requiridas para aceptación e formalización da bolsa. No momento da formalización, requiriráselles a documentación indicada nos **criterios de formalización** desta mesma convocatoria.

3.4. Cuarta Fase. Período de formación.

Calquera persoa beneficiaria dunha das bolsas que realice a súa Formación nos Centros indicados deberá integrarse no funcionamento do Equipo e participar nas actividades diarias segundo o Plan de Formación personalizado que incluírá, entre outras, as seguintes actividades: asistencia a quirófanos e consultas, cobertura de urxencias e posibles eventos relacionados coa traumatoloxía do deporte. Así mesmo, desenvolverá, como mínimo, 1 traballo para ser presentado en congresos nacionais/internacionais (e eventualmente publicado) sobre os temas que se atopen nese momento en investigación polo grupo receptor.

3.5. Quinta fase. Finalización.

As persoas beneficiarias da bolsa deberán cumprir cos criterios de finalización que figuran nesta convocatoria.

4. Criterios e documentación para a Inscrición

Os requisitos para solicitar as bolsas da CÁTEDRA HM DE TRAUMATOLOXÍA DO DEPORTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA son:

- Definir correctamente o tempo de estadía.
- Dispor de DNI vixente ou equivalente no momento de tramitar a documentación.
- Currículum Vitae.
- Título en Medicina (e de Especialista, no seu caso) en España u homologado.
- Presentar a documentación requirida. Sendo a documentación que se va a presentar na fase de inscrición a seguinte:
 - DNI vixente ou documento equivalente.
 - Currículum Vitae.
 - Título en Medicina e de Especialista/Doutor no seu caso.

5. Criterios e documentación para a Formalización

A aceptación e formalización da bolsa suporá que o bolseiro seleccionado acepta as bases da bolsa e deberá achegar en prazo os documentos relacionados de seguido e seguindo o

procedemento que se determine a estes efectos. A falta de cumprimento dos trámites de formalización suporá a perda de condición de bolseiro seleccionado.

As persoas admitidas deberán presentar para formalizar a bolsa a seguinte documentación:

- Copia cotexada do DNI ou documento equivalente.
- Copia cotexada dos Títulos.
- Conta bancaria a nome do bolseiro para o abono da bolsa.

6. Criterios e documentación para a Finalización

Para que a CÁTEDRA HM DE TRAUMATOLOXÍA DO DEPORTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA aboe ao bolseiro a axuda este deberá cumprir co seguinte:

- Dispoñer do Certificado de Colexación no Colexio Oficial de Médicos de A Coruña.
- Dispoñer de seguros de:
 - A. Enfermidade e Accidentes (estendido a España, no seu caso).
 - B. Responsabilidade Civil – Malpraxis (estendido a España, no seu caso).